

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 31 DE AGOSTO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta e un de agosto de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de agosto de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE "HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN", INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON E NO PLAN CONCELLOS 2022 (EXPEDIENTE PAS-O 2/2022)

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado "Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán", en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de

Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Rubén P. Quintá Quintá, alcalde do Concello.

VOGAIS: José M<sup>a</sup> Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

### ***3.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO PARA “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA DIVERSOS SERVICIOS MUNICIPAIS”, INCLUÍDO NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA) 2022***

Dáse conta aos Sres. concelleiros presentes que, no procedemento de licitación do contrato de subministro para “*Adquisición de vehículo para diversos servizos municipais*”, unha vez rematado o prazo de presentación de proposicións o pasado día 29 de agosto do corrente, ningún licitador presentou oferta para a súa adxudicación.

En consecuencia, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar deserto o procedemento de licitación do contrato de subministro para “*Adquisición de vehículo para diversos servizos municipais*”.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do Concello en cumprimento do establecido no artigo 63.3 e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP).

### ***4.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON MINUSVALIDEZ***

VISTA a solicitude presentada por Dona María Rosa Inés Méndez Fernández (RE núm. 1397, do 30/08/22), e a proposta de resolución emitida

con data 30/08/22 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MARÍA ROSA INÉS MÉNDEZ FERNÁNDEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Adelán, parroquia de Guillar.

## ***5.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS***

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María del Carmen Diéguez Calvo e Dona Susana Otero García, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais en diferentes datas do mes de setembro de 2022. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade,

constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ MÓNICA FERNÁNDEZ BLANCO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 6 e 14 de setembro de 2022, ambos inclusive, en substitución de María del Carmen Diéguez Calvo.
- ✓ ESPERANZA SILVA GONZÁLEZ, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (20 horas/semana), entre os días 5 e 16 de setembro de 2022, ambos inclusive, en substitución Susana Otero García.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## ***6.- AUTORIZACIÓN PARA A MODIFICACIÓN DE XORNADA EN CONTRATO LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN***

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 02/03/22, autorizouse a contratación de Dona SANDRA LIMA SILVA, con NIE núm. [REDACTED], como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato de substitución a tempo parcial (15 horas/semana), motivado pola situación de baixa por IT da traballadora Dona Ana María García Presas.

As necesidades do servizo e a atención dos usuarios aconsellan modificar a xornada laboral inicialmente prevista por outra a tempo completo.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade coa proposta emitida pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar a modificación de xornada establecida no contrato laboral temporal por substitución, asinado entre o Concello e a traballadora referida en data 02/03/22 (rexistro núm. [REDACTED]), ampliándoa ata as 37,5 horas semanais, con data de efectos do día 5 de setembro do corrente.

## **7.- CONCESIÓN DA CUARTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2022**

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 25 de febreiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 24/02/22. Con data 18 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 622, do 22/04/22).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez con data 30/08/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a cuarta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor da veciña que deseguido se relaciona e coas contías e destinos que se especifican:

### Gastos correntes

BENEFICIARIA	PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
[REDACTED]	[REDACTED]	Rodeiro – Rodeiro	400,00 €	Pagamento de gastos de aluguer.
[REDACTED]	[REDACTED]	Rodeiro – Rodeiro	250,00 €	Pago de alimentos, produtos de hixiene e limpeza e produtos farmacéuticos.

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % da axuda concedida.

Terceiro.- O gasto subvencionado debe ser efectuado con anterioridade ao día 31 de decembro de 2022. A beneficiaria deberá presentar as facturas ou xustificantes do gasto polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2023. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro da axuda outorgada ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade da cantidade anticipada, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

## **8.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA EN PERÍODO LECTIVO 2022” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO**

A Concellería de Cultura, Infancia, Igualdade, Medio Ambiente e Voluntariado do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia en período lectivo 2022*”, que se desenvolverá entre os días 9 de setembro e 22 de decembro de 2022, ambos inclusive. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o primeiro trimestre do período lectivo do curso escolar 2022-2023. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo a actividade rexerese polas Bases reguladoras do servizo de campamentos e servizos de conciliación do Concello de Rodeiro, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 8 de xuño de 2022
- ✓ A actividade desenvolverase de luns a venres, agás días festivos e períodos vacacionais segundo o calendario escolar de Galicia para o curso académico 2022/2023. Dará comezo o día 9 de setembro de 2022 ata o 22 de decembro de 2022. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final do primeiro trimestre do período lectivo do curso escolar 2022/2023.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive, empadroados/as no Concello de Rodeiro.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 16:30h. a 20:30h. de luns a xoves e os venres de 14:00h. a 18:00h. Este horario pode sufrir algunha modificación

de cambiar o horario de remate da xornada do CPI de Rodeiro para adaptarse á mesma.

- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando os días da semana que acudirá. Os/as menores inscritos/as no programa de Concilia verán 2022 terán que presentar a solicitude e unicamente a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Rodeiro establécese entre os días 1 e 6 de setembro de 2022 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres poderanse inscribir menores ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 30 prazas por día da semana. Poderá haber máis de 30 inscricións no programa pero non superar as 30 prazas en cada día da semana.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, en situación de desemprego ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenados de menor a maior renda.
- ✓ O custe mensual pola asistencia ao programa fixarase en base ao establecido na Ordenanza que establece o prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas do Concello de Rodeiro (BOP núm. 194, do 07/10/10).

## **9.- SOLICITUDES E INSTANCIAS**

- Comisión de festas da parroquia de Riobó

VISTO o escrito presentado por Dona LUCÍA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, veciña do lugar de Aldea de Baixo, parroquia de Riobó (RE núm. 1235 e 1398, do 26/07/22 e 30/08/22), polo que, na representación de Comisión de festas da parroquia de San Miguel de Riobó, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas o pasado día 16 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €).

## **10.- APROBACIÓN DA CONTA DE GASTOS A XUSTIFICAR DA INICIATIVA “CONCILIA VERÁN 2022”**

Por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes apróbese a conta de gastos a xustificar presentada pola concelleira-delegada de Cultura, Infancia,

Igualdade, Medio Ambiente e Voluntariado Dona Ana Belén Calvo Mariño, correspondente ao gasto consistente no abono das entradas dos participantes na iniciativa “*Concilia verán 2022*” nas instalacións do parque acuático “Aquapark” de Cerceda (A Coruña), segundo o autorizado por este órgano na sesión celebrada o pasado día 19 de agosto do corrente, co resume de gastos que deseguido se sinala, aprobando asemade a corresponde liquidación con cargo á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor:

Cantidade disposta a xustificar	310,00 €
Concello de Cerceda, s/liquidación	167,00 €
Cantidade xustificada	167,00 €
Sobrante (reintegro de data 30/08/22)	143,00 €

## 11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FARO DE VIGO S.A.U. 308,55 €  
Por publicidade institucional do Concello nas festas do Santo Antonio de Rodeiro, s/factura núm. 2022/0001506 (FACe).
- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. 152,54 €  
Por licenza anual de aplicacións Office para equipos informáticos municipais, s/factura núm. FVE/2022/0497 (FACe).
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 1.438,12 € E 359,53 €  
Honorarios por dirección facultativa e coordinación en materia de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Concellos 2020, s/facturas núm. 013/2022 e 014/2022.
- CELSE GONZÁLEZ JORGE 657,31 €  
Por traballos de reparación do vehículo da AVPC, s/factura núm. C 9465.
- SOCISER GALICIA S.L.U. 65,52 €  
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de libre concorrencia, no mes de xullo de 2022, s/factura núm. 22A/00098 (FACe).

- SOCISER GALICIA S.L.U. 5.368,05 €  
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de xullo de 2022, s/factura núm. 22A/00099 (FACe).
- MIGUEL CONDE VALES 5,55 €  
Por subministro de ferro para obras municipais, s/factura núm. 000208.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 386,03 €  
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. C 9466.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 2.059,32 €  
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 9464.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.536,35 €  
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de xullo de 2022, s/factura núm. FA – 1651.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.660,92 €  
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de xullo de 2022, s/factura núm. 2022/2059 (FACe).
- FARO DE VIGO S.A.U. 332,75 €  
Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022” no diario, s/factura núm. 2022/0001041 (FACe).
- ALBA BERMÚDEZ IGLESIAS 210,00 €  
Por sesión de contos “Entre bechos anda o conto”, dentro do programa “Ler conta moito”, s/factura núm. 22-024.
- SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. 877,25 €  
Por proxección de película ao aire libre, s/factura núm. A301 (FACe).
- CONSTRUCCIONES J. FERRADÁS S.L. 4.456,43 €  
Por traballos de canalización de fonte e arranxo de camiño en Rañeiras, s/factura núm. 000001.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
*(sinatura dixital)*

O alcalde,  
*(sinatura dixital)*